ANUNCIO

Aprobación das BASES XERAIS PARA A REGULACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE MONFERO PARA CUBRIR AS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2026

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 25 de novembro de 2026, acordou a aprobación das Bases Xerais para a regulación dos procesos selectivos convocados polo Concello de Monfero para cubrir as prazas incluídas na oferta de emprego público de 2026.

Dando cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Monfero, 26 de novembro de 2026. O ALCALDE en funcións Alberto Cortizas Rejo

BASES XERAIS PARA A REGULACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE MONFERO PARA CUBRIR AS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2026.

PRIMEIRA.- OBXECTO E CONTIDO
Estas bases xerais teñen por obxecto regular os aspectos comúns dos procesos selectivos das convocatorias para cubrir as prazas vacantes no cadro de persoal do Concello de Monfero incluídas na OEP 2026, de conformidade co disposto no artigo 70 do texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

As especialidades de cada proceso selectivo (natureza e características dos postos, requisitos de titulación...) serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán para rexer cada convocatoria.

As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es), así como as bases específicas de cada convocatoria, que ademais serán publicadas, en extracto, no DOG e no BOE.

Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es).

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN
Estas bases xerais rexerán os procesos selectivos que se convoquen da Oferta de Emprego Público de 2026, aprobada por Resolución da Alcaldía nº 383/2026, do 18/11/2026 e publicada no BOP n.º 225 do 24/11/2026.

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Rexeranse, igualmente, polo establecido nas correspondentes bases específicas e convocatorias.

Así, o número de prazas vacantes a convocar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN DO POSTO	TIPO	GRUPO/ SUBGRUPO	VACANTES
3110	Traballador/a Social	F	A2	1
2214	Operario/a Servizos múltiples	F	Agrupacións profesionais (Grupo E da Lei 30/1984)	1
4316	Condutor/a	L	Agrupacións profesionais (Grupo E da Lei 30/1984)	1
15311 a 15313	Tractorista	L	Agrupacións profesionais (Grupo E da Lei 30/1984)	3

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1.- Con carácter xeral, para ser admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que establezan as respectivas bases específicas de cada convocatoria:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
c) Posuír ou estar en condicións de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rexan cada convocatoria.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.
d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza á que se opta.
Poderá ser admitido/a como aspirante o persoal que se atope en situación de suspensión de contrato por mor dunha incapacidade recoñecida polo INSS, que non sexa invalidante en grao absoluto, e polo tanto se atope, na data de inicio de presentación de solicitudes, en situación de revisión por parte do INSS. No momento oportuno do procedemento deberá acreditar que reúne todos os requisitos esixidos e presentar toda a documentación xustificativa indicada na base 11 da convocatoria, cos efectos establecidos nela no caso de non facelo.
e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións que correspondan ao posto a ocupar.
As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

correspondentes. Poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización do exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.
f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
g) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
h) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Monfero, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6ª das presentes bases.
i) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

3.2.- Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos durante todo o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN
4.1.- As solicitudes deberán cumprimentarse no modelo oficial que será facilitado nas Oficinas do Rexistro do Concello de Monfero ou a través de internet, na Sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es), e se incluirá nas bases específicas de cada convocatoria.

4.2.- A dita solicitude, dirixida á Alcaldía do Concello de Monfero, cos datos persoais do solicitante e a denominación da praza convocada á que opta, irá acompañada dunha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, da documentación acreditativa dos requisitos esixidos e dos méritos alegados. Na instancia, os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na base terceira, referidas ao día no que conclúa o prazo de presentación de instancias.
As copias aportadas non será necesario que sexan compulsadas, bastando a declaración responsable do interesado/a sobre a autenticidade dos mesmos así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que o Tribunal ou órgano competente do Concello poidan requirir que os aspirantes acrediten a veracidade das circunstancias ou documentos aportados, que foran obxecto de valoración.
Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, agás nos casos que constan nestas bases, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

4.3.- Neste senso, só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

4.4.- Segundo o sinalado na base terceira, os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo aportando o certificado oficial correspondente.

4.5.- Respecto da valoración dos méritos relativos á experiencia profesional, acreditaranse aportando informe de vida laboral e unha certificación da corporación ou Administración que acredite o posto ocupado e tempo traballado, especificando o tempo traballado de forma ininterrompida, a data de inicio e a data de finalización .

4.6.- No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas. No caso de esixencia de habilitacións profesionais deberá acreditarse co correspondente certificado expedido polo organismo competente.

4.7.- En ningún caso se terán en conta méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

4.8.- Coa presentación de instancias entenderase que os aspirantes aceptan e acatan as bases xerais e específicas das convocatorias.

4.9.- De acordo co establecido nos artigos 59 do TREBEP e no Real Decreto lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social, no presente proceso serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite a dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

No seu caso, a comisión de selección establecerá, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios, para a realización de probas, debendo a tal efecto presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria específica.

QUINTA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS

5.1.- O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.

5.2.- A presentación de solicitudes poderá facerse presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Monfero ou, vía telemática, a través da sede electrónica do Concello de Monfero, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas. Neste caso os aspirantes deberán comunicar a súa presentación mediante correo electrónico (correo@monfero.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

5.3.- As persoas aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.- DEREITOS DE EXAME

6.1.- Será requisito necesario para participar nestas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscricións nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal reguladora da taxa (BOP Nº 34 do 18-02-2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada:

Grupo A ou asimilados	A1	60 €
	A2	50 €
Grupo B ou asimilados		45 €
Grupo C ou asimilados	C1	40 €
	C2	30 €
Outras agrupacións profesionais ou asimilados (grupo E da Lei 30/1984)		25 €

6.2.- As persoas solicitantes aportarán xunto coa súa instancia, copia do documento de transferencia ou ingreso.
6.3.- A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ABANCA: ES27 2080 3112 2931 1000 0027.
6.4.- En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.
6.5.- A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

SÉTIMA .- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión e o prazo de subsanación de defectos e presentación de reclamacións. A dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero, sede.monfero.es, así como no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non existir defectos a emendar, a listaxe provisional considerarase definitiva a todos os efectos

7.2. As persoas aspirantes disporán, nos termos do artigo 68 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), e o artigo

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

14.3 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuacións e funcionamento do sector público por medios electrónicos, de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación da listaxe, para emendar o defecto que motivase a exclusión ou presentar reclamacións.

7.3. Rematado o prazo de emenda e resoltas as reclamacións presentadas, ditarase pola Alcaldía nova resolución, estimando ou desestimando as reclamacións, e aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, publicándoa no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Monfero e no Boletín Oficial da Provincia.

7.4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

7.5. Contra a resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da lei 39/2015 de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1.- Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 59 da Lei de emprego de Galicia e no artigo 60 do TREBEP. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recurso, tendendo á paridade entre homes e mulleres.

8.2.- Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres.
Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou pertencer a grupos de clasificación profesional para cuxo acceso se esixa titulación igual ou superior á esixida para a praza convocada.

8.3.- A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

8.4.- Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, nin os funcionarios interinos e o persoal eventual.

8.5.- Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores técnicos, con voz e sen voto, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

8.6.- A designación dos membros dos tribunais pola Alcaldía farase pública xunto coa resolución definitiva de admitidos e excluídos, publicándose no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monfero (sede.monfero.es) e no BOP.

8.7.- Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención.

8.8.- O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes.

8.9.- Os membros dos tribunais, que ten a condición de órgano colexiado, axustarán a s súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria. Os tribunais resolverán as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderán tomar os acordos que garantan a boa orde do proceso naqueles supostos que non estean previstos nas bases. As decisións que adopte vinculan á Administración sen prexuízo de que esta poida proceder a súa revisión segundo o establecido no artigo 106 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e restante normativa de aplicación.

8.10.- Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

8.11.- Os membros do tribunal poderán en calquera momento do proceso, requirir aos aspirantes para que presenten a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria.

8.12.- Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das administracións públicas.

NOVENA.-SISTEMA DE SELECCIÓN.
9.1.- Os procesos de selección realizaranse polo sistema de oposición ou concurso – oposición, atendendo á necesidade dunha singular preparación e duns coñecementos específicos máis alá dos que se recollan na parte especial do programa do temario, de acordo co que establezan as bases específicas de cada convocatoria.
O concurso-oposición queda reservado para aqueles procesos nos que quede acreditado que pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar sexa o sistema máis adecuado.

DENOMINACIÓN DO POSTO	TIPO	GRUPO/ SUBGRUPO	VACANTES	FORMA PROVISIÓN

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Traballador/a Social	F	A2	1	OPOSICIÓN
Operario/a Servizos múltiples	F	Agrupacións profesionais	1	OPOSICIÓN
Condutor/a	L	Agrupacións profesionais (Grupo E da Lei	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
Tractorista	L	Agrupacións profesionais	3	CONCURSO-OPOSICIÓN

9.2. Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e máximo de corenta e cinco días naturais.

9.3. As persoas aspirantes serán convocados para cada exercicio da oposición en chamamento único aínda que este teña que dividirse en varias sesións, debendo asistir os/as aspirantes á sesión á que fosen convocados.
Será excluído do proceso selectivo quen non compareza, salvo nos supostos alegados e xustificados con anterioridade á celebración do exercicio, debendo o tribunal adoptar resolución motivada para ese efecto. A non presentación dun/ha aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito para participar nel e nos sucesivos, quedando excluído/a en consecuencia do procedemento selectivo.

9.4. Se algún/ha dos/as aspirantes non puidese completar o proceso selectivo a causa de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados ou realizar algún exercicio deste por causa legalmente recoñecida e debidamente xustificada e documentada, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto dos/as aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e en todo caso a realización destas terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

9.5. A orde de actuación dos/as opositores iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra que resultase do sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración pública a que se refire o artigo 17 do Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

9.6. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o tribunal fará pública, na sede electrónica municipal a relación de aspirantes que superasen o exercicio, con indicación da puntuación obtida. Os/as aspirantes terán un prazo non superior a 10 días para facer alegacións que consideren, unha vez transcorrido o prazo, se publicará o resultado definitivo na sede electrónica municipal

9.7. Nos supostos de concurso-oposición, iniciarase a fase de concurso unha vez determinadas as persoas aspirantes que superaran a fase de oposición, e só se procederá á valoración dos méritos achegados polos aspirantes aprobados na indicada fase de oposición.

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

9.8.- Coñecemento da lingua galega

As persoas aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza a estabilizar, que se concretará nas bases específicas. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito e que se realizará a aquelas persoas que non posuíran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estes aspirantes deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos e o desempate, de ser preciso, a aquelas persoas que vaian ser propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento da lingua galega correspondente, deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos con anterioridade.

9.9.- Procesos selectivos: Normas xerais

Os sistemas de cualificación do proceso selectivo recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria.

Na cualificación dos exames tipo test deberá apreciarse a puntuación das respostas correctas, das incorrectas e das que se deixen sen responder.

O tribunal cualificador queda facultado para a determinación do nivel mínimo esixido de conformidade co sistema de valoración que se adopte en cada proba selectiva.

Os exercicios poderán consistir en probas teóricas e/ou resolución dun ou varios supostos prácticos ou probas prácticas, redacción de informes ou propostas de resolución: o exercicio será puntuado na forma descrita nos apartados anteriores, ou ben pode ser cualificado como “apto” ou “non apto” se así o establecen as bases específicas.

O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que os exercicios escritos da fase de oposición, sexan
corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as autores/as. O Tribunal poderá excluír a candidatos/as en cuxas follas de exame figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos/as autores/as.

No caso de concurso-oposición, a fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración dos méritos recollidos nas bases específicas de cada convocatoria. A valoración dos méritos non poderá supoñer máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

Os méritos valoraranse con referencia á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A cualificación da fase de concurso farase pública na sede electrónica do Concello de Monfero, sede.monfero.es, no momento que determinen as bases específicas.

Os aspirantes disporán dun prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso, para facer as alegacións que consideren

A publicación da cualificación final dos exercicios da fase de oposición levarase a cabo na forma establecida na base 10.1.

A cualificación definitiva do proceso de selección estará determinada pola suma da cualificación final da fase de oposición e a puntuación obtida na fase de concurso, se

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

houbera. Os posibles empates na puntuación liquidaranse na forma que establezan nas bases específicas.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E LISTAXE DE APROBADOS

10.1.- Finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará no prazo máximo dun mes a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzada, con indicación do documento nacional de identidade anonimizado, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, na sede electrónica do Concello de Monfero. O devandito prazo poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada. Simultaneamente á súa publicación na devandita sede, o tribunal elevará a relación expresada á Alcaldía coa proposta de nomeamento, previa á presentación da documentación indicada na base seguinte.

10.2.- A orde de prelación dos/as aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa da puntuación obtida. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as ou cando da documentación achegada polos aspirantes se deduza que non cumpren os requisitos esixidos ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún dos aspirantes, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, na acta da última sesión incluirase unha relación dos aspirantes (lista de reserva), que superen as probas e sigan aos propostos, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira no caso de que se produzan renuncias ou imposibilidade de nomeamento dos aspirantes seleccionados.

10.3.- O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas convocadas que non resulten cubertas por non ter superado o proceso selectivo ningún aspirante ou non presentarse candidatos.

10.4.- A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

11.1.- O Alcalde aprobará a relación de aprobados e a publicará no BOP, requiríndolles para que, no prazo de vinte (20) días naturais, contados desde o seguinte ao que se faga pública a citada relación, presenten os documentos orixinais que se relacionan a continuación, acreditativos da súa capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Documento nacional de identidade.
b) Título esixido nas bases específicas da convocatoria para participar no proceso selectivo.
c) Certificado médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar.
d) As persoas aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo, deberán presentar o certificado acreditativo do grao de discapacidade e, así mesmo, o certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, expedido polo órgano competente da administración sanitaria.

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

e) Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
f) Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
g) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.
h) No caso de concurso-oposición, os documentos orixinais dos presentados para a valoración dos méritos baremables na fase de concurso
i) Número de afiliación á Seguridade Social ou, de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.
j) Certificación da titularidade da conta bancaria na que se aboarán as súas retribucións.
k) Calquera outro documento requirido nas bases específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo.

11.2.- Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

11.3.- Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou non reuniran os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia para tomar parte no proceso selectivo. A Alcaldía, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base 10.2., acordará a tramitación dun novo nomeamento.

DÉCIMO SEGUNDA.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN OU CONTRATACIÓN

12.1.- Concluído o proceso selectivo, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

12.2.- A continuación, a Alcaldía ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e no DOG.

12.3.- Unha vez publicado o nomeamento no BOP, procederase á formalización da preceptiva toma de posesión ou do contrato de traballo no prazo de 1 mes desde a dita publicación.

12.4.- Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adxudicaranse de acordo coas peticións das persoas interesadas segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

12.5.- Os aspirantes contratados ou que tomen posesión dos seus postos quedarán sometidos ao réxime de incompatibilidades vixente e non poderá compaxinar o desempeño do seu posto de traballo con calquera outros postos, prazas, cargos ou empregos públicos remunerados.

DÉCIMO TERCEIRA.- LISTAXES DE RESERVA

As convocatorias poderán determinar a creación de bolsas de emprego. Unha vez finalizado o proceso selectivo poderanse formar listas de reserva con aqueles/as

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

aspirantes que, cumprindo os requisitos esixidos na convocatoria, alcanzasen un nivel mínimo suficiente para o desempeño das funcións correspondentes de acordo co establecido nas diferentes bases específicas, ordenados segundo a puntuación obtida no proceso.

Os/as aspirantes que non desexen formar parte das listas de espera deberán presentar escrito de renuncia ante á Alcaldía-Presidencia. Para estes efectos, unha vez publicada a resolución de nomeamento dos/as funcionarios/as de carreira, ou persoal laboral fixo, que superasen o proceso, o órgano competente publicará a relación de aspirantes que integran a correspondente lista de reserva, ordenados por puntuación, de acordo co previsto nas respectivas convocatorias.

DÉCIMO CUARTA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES
Estas Bases Xerais vincularán ao Concello de Monfero, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

DÉCIMO QUINTA .- INCIDENCIAS
Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo. Os aspirantes poderán dirixir ao órgano competente as comunicacións sobre incidencias relativas á actuacións do tribunal, así como as reclamacións, queixas, peticións ou suxestións sobre o proceso selectivo.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA DE APLICACIÓN.
O proceso selectivo suxeitarase ao disposto nestas Bases Xerais e nas bases específicas de cada convocatoria e, no que non estea previsto nestas, ao establecido nas seguintes normas e restantes concordantes:
• - Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local -LRBRL-.
• - Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-.
• - Lei 2/2015 de 29 de abril que regula o emprego público de Galicia.
• - Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril que regula o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
• - Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo que aproba o Regulamento xeral de ingresos ao servizo da Administración do Estado.
• - Disposicións concordantes.

DÉCIMO SÉTIMA.- DISPOSICIÓN FINAL.
Contra estas bases xerais, que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a Alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta do mesmo.
Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra o presente acto, recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado, ante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Monfero, 26 de novembro de 2026
O Alcalde en funcións: Alberto Cortizas Rejo

CVD: hrfmPpwRfzNLv+A+XqYz Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/